


## REGULAMENTO HOLI GAIÁS

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia organizará, o sábado 25 de marzo e enmarcada dentro da xornada Cidade Verde, a **Carreira Holi Gaiás**, unha proba lúdica non competitiva que empregará polvos certificados Holi Gulal de cores durante o percorrido, así como animación tanto antes como despois da mesma.

A proba estará suxeita ao seguinte regulamento:

1. Poderán participar atletas federados e non federados. As probas serán de carácter non competitivo e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces (*Federación Galega de Atletismo*).

2. A SAÍDA e META da proba será na Cidade da Cultura.

3. A hora de SAÍDA DA CARREIRA será as 12h na Cidade da Cultura.

4. A idade mínima para poder tomar parte na proba será a de 8 anos (nenos nados antes do 31 de decembro do 2009). A organización non se fará responsable dos atletas menores da idade mínima esixida neste regulamento (ano 2009, categoría benxamín), polo que non poderán participar na proba.

5. **CATEGORÍAS E HORARIOS**

**Haberá unha proba conxunta única:**

| CATEGORÍA | ANOS DE NACEMENTO | DISTANCIA | HORA |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍA ESCOLARES | do 2002 ao 2009 | 5 km aprox. | 12:00 h |
| CATEGORÍA ADULTOS | 2001 e anteriores | 5 km aprox. | 12:00 h |
| **ENTREGA DE PREMIOS AS 13:45 HORAS APROX.** | | | |

## 6. INSCRICIÓNS

A participación na carreira Holi Gaiás terá un prezo por persoa de 3€.

As entradas para a proba estarán á venda no Museo Centro Gaiás, ataquilla.com (+gastos de xestión) no teléfono de Ataquilla 902 504 500 e nos puntos físicos de Ataquilla ata o **mércores 22 de marzo ás 23:59h**. Descontos: Club Gaiás, Xubilados, Desempregados, Discapacitados, Familias Numerosas, carné da USC, e carné xoven: 2,40€. Promocións: Pack Familiar (paga tres entradas, leva catro): 9€. Pack 3x2: 6€.

Os interesados na carreira deberán cubrir o formulario cos datos requiridos e finalizar o proceso de inscrición.

Máis información en www.carreirasgalegas.com e www.atletismogalego.org e www.fgatletismo.es/santiago, www.cidadedacultura.gal

PREZOS DA INSCRICIÓN

- TODAS AS CATEGORÍAS: 3 €

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/varios/museo-centro-gaias/7303--cidade-verde-holi-gaias.html

Para calquera dúbida ao respecto do proceso de inscrición poderán poñerse en contacto no teléfono 881997565 (Centralita **Fundación Cidade da Cultura**), ou no email online@cidadedacultura.org.

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido, marcado para o mércores 22 de marzo ás 23:59h nin se admitirán inscricións o día da proba.

## 7. PREMIOS E AGASALLOS

Aínda que a proba ten un carácter NON COMPETITIVO, daranse os seguintes agasallos:

- Medalla para os 3 primeiros clasificados e para as 3 primeiras clasificadas da categoría escolares (5 km aprox.)
- Medalla para os 3 primeiros clasificados e para as 3 primeiras clasificadas da categoría adultos (5 km aprox.)

8. **DORSAIS E CAMISETAS DE PARTICIPACIÓN:** A recollida de dorsais e camiseta de participación realizarase nos seguintes prazos e lugar:

- LUGAR: CIDADE DA CULTURA
- Horarios e días: 25 de marzo de 09:30 a 11:30 horas

## 9. CIRCUÍTO

O circuíto está publicado na web www.carreirasgalegas.com.

10. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento. Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.

11. Todo o non recollido no presente regulamento rexerase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.

## RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou neglixencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

## LOPD

Todos os corredores e corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 - 15008 A Coruña.